SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Xacobeo 2027

OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2025
Técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría

2º EXERCICIO: PARTE ESPECÍFICA

INSTRUCIÓNS:

1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.

2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro **"Específico Parte teórica"** entre os números **E1** e **E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro **"Específico Parte práctica"** entre os números **E56** e **E110** da "FOLLA DE RESPOSTAS"

3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.

4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.

5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.

6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.

7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web:www.sergas.es , logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO

EXAME EN GALEGO

00477723332783412100152639196321274468275

00477723332783412100152639196321274468275

1. En cal destes principios Bioéticos prima o respecto, o dereito á individualidade e á información sincera:

A) Xustiza.

B) Non-maleficencia.

C) Autonomía.

D) Beneficencia.

2. Os mecanismos de termólise son:

A) Vasoconstrición periférica.

B) Piloerección.

C) Hiperventilación respiratoria.

D) Ningunha é correcta.

3. Cal destes aminoácidos NON está no grupo de esenciais?

A) Arxinina.

B) Histidina.

C) Isoleucina.

D) Lisina.

4. Dos seguintes antisépticos, cal é altamente recomendable por manter a súa actividade mesmo en presenza de materia orgánica?

A) Povidona iodada.

B) Alcol 70°.

C) Clorhexidina ao 2%.

D) Solución hidroalcohólica.

5. Entre as causas que poden producir shock hipovolémico NON se atopa:

A) Queimaduras extensas.

B) Uso excesivo de diuréticos.

C) Administración excesiva de fluidoterapia.

D) Hemorraxias agudas.

6. Indique a resposta CORRECTA respecto ao infarto feminino:

A) Resulta nunha aparición máis insidiosa ca o masculino.

B) Durante o período de vida fértil os estróxenos actúan coma protectores fronte ao infarto.

C) Logo da menopausia a taxa de infartos tende a igualarse coa dos homes, se non a superala.

D) Todas son correctas.

7. Sinale a afirmación CORRECTA:

A) A escala Ramsey utilízase para valorar o risco de desenvolver UPP/LPP en pacientes pediátricos.

B) A escala e-NSRAS utilízase para valorar o risco de desenvolver UPP/LPP en pacientes neonatos.

C) A escala MARSI utilízase para valorar o risco de desenvolver UPP/LPP en grandes prematuros.

D) Todas son correctas.

00477233327834121001526391963212744682 75

8. O proceso farmacocinético dos fármacos desenvólvese en varias etapas. Cales son?

A) Liberación, distribución, metabolismo e excreción.

B) Liberación, absorción, distribución, metabolismo e excreción.

C) Absorción, liberación, metabolismo, distribución e excreción.

D) Ningunha das anteriores.

9. O byte é a agrupación xeralmente de:

A) 8 bits.

B) 8 megabits.

C) 16 bits.

D) 16 megabits.

10. Como se denomina ao plano que divide o corpo humano en dúas partes, unha ventral e outra dorsal?

A) Plano saxital.

B) Plano transversal.

C) Plano frontal ou coronal.

D) Plano horizontal.

11. Que patrón respiratorio é típico da acidose metabólica grave?

A) Respiración superficial irregular.

B) Respiración de Biot.

C) Respiración de Kussmaul.

D) Bradipnea.

12. Segundo a carta de Ottawa, a promoción da saúde ten como finalidade principal:

A) Diminuír a incidencia da enfermidade.

B) Capacitar ás persoas para aumentar o control sobre a súa saúde.

C) Detectar precozmente enfermidades.

D) Aplicar medidas terapéuticas.

13. Que dispositivo mide a cantidade de osíxeno dispoñible nunha botella mediante a presión?

A) Manómetro.

B) Caudalímetro.

C) Fluxómetro.

D) Manorredutor.

14. En relación coa hixiene dos pacientes, que zona debe lavarse no último lugar?

A) Abdome.

B) Nádegas.

C) Pés.

D) Zona perineal.

00477723332783412100152639196321274468275

15. Segundo o Decreto 38/2015, de 26 de febreiro, de residuos sanitarios de Galicia, enténdense por residuos sanitarios:

A) Cadáveres e restos humanos de entidade suficiente, que comprenden partes do corpo humano e procedentes de abortos, mutilacións, operacións cirúrxicas, autopsias clínicas ou xudiciais e actividades de docencia e investigación de relevancia anatómica ou legal, xestionados de acordo co Decreto 151/2014, de 20 de novembro.

B) Os residuos recollidos na clase IIa e III que se xeran en establecementos que presten servizos de coidados estéticos, como centros de estética, tatuaxe, micropigmentación e piercing, e en tanatorios.

C) Cadáveres de animais e subprodutos animais, cubertos polo Regulamento (CE) num. 1069/2009 do Parlamento Europeo e o Consello, de 21 de outubro de 2009.

D) Residuos radioactivos xestionados de acordo ao Real Decreto 102/2014, de 21 de febreiro, para a xestión responsable e segura de combustible nuclear gastado e os residuos radioactivos.

16. Indique cal destas afirmacións é certa.

A) As mostras para a determinación de oxiúros lévase a cabo pola noite.

B) O vómito con sangue vermello provén de sangue que se dixeriu.

C) Despois dunha punción lumbar, o paciente debe permanecer en reposo polo menos durante dúas horas en decúbito supino.

D) As mostras de esputos poden estar refrixeradas durante 8 horas a 6o-10º C.

17. Cal destas afirmacións ao aleitar a un bebé é CORRECTA?

A) Cabeza por encima do seu abdome.

B) Mirando ao peito con cabeza e corpo aliñados.

C) Arrotar entre toma e toma.

D) Todas son correctas.

18. Na administración de medicación por sonda nasogástrica, cal é a que se tritura?

A) Cápsulas duras.

B) Comprimidos.

C) Cápsulas que conteñan microcápsulas.

D) Todas se trituran.

19. Dentro das medidas de prevención da infección nosocomial de eficacia probada, inclúese:

A) Os procedementos de illamento.

B) A preparación precirúrxica do paciente.

C) O control rutineiro do ambiente.

D) A desinfección do chan e as paredes.

20. Defínese antíxeno como:

A) Proteína producida por linfocitos B.

B) Célula do sistema inmunitario.

C) Substancia capaz de inducir unha resposta inmunitaria específica.

D) Tipo de granulocito circulante.

00477723332783412100152639196321274468275

21. Sinale a afirmación INCORRECTA:

A) Os puntos de apoio máis vulnerables de desenvolver unha úlcera por presión (UPP/LPP) en neonatos son occipicio e orellas.

B) En pacientes neonatos con monitorización cardíaca recoméndase cambiar os eléctrodos cada 8 horas para evitar lesións cutáneas.

C) O risco de desenvolver unha UPP/LPP na UCI Neonatal é directamente proporcional ao tipo e número de dispositivos terapéuticos e inversamente proporcional á idade xestacional.

D) Un dos factores de risco extrínsecos para desenvolver unha UPP/LPP en neonatos con ventilación mecánica non invasiva (VMNI) é a elección errónea dos prongs.

22. A que tipo de barreira corresponde o ruído dentro do proceso comunicativo?

A) Semántica.

B) Fisiolóxica.

C) Física.

D) Psicolóxica.

23. Segundo a clasificación do DSM-5, o trastorno histriónico da personalidade encádrase dentro do grupo ou "cluster":

A) Grupo A.

B) Grupo B.

C) Grupo C.

D) Grupo D.

24. Con respecto á Diatermia, sinale a resposta INCORRECTA:

A) Utiliza correntes eléctricas de alta frecuencia para xerar calor nos tecidos profundos do corpo.

B) Está indicada en pacientes portadores de marcapasos.

C) Aplícase mediante aparatos de ultrasón e de onda curta.

D) Esta técnica lévase a cabo nos servizos de rehabilitación e fisioterapia.

25. No cálculo do balance hídrico, que significa que este sexa positivo?

A) Que o volume de líquidos perdidos é maior que o volume de líquidos achegados.

B) Que o volume de líquidos achegados é menor que o volume de líquidos perdidos.

C) Que o volume de líquidos achegados é maior que o volume de líquidos perdidos.

D) Ningunha das anteriores.

26. O círculo de mellora continua consta de 4 fases. Sinale a opción CORRECTA:

A) Planificar, facer, actuar e verificar.

B) Planificar, facer, verificar e actuar.

C) Planificar, actuar, verificar e facer.

D) Ningunha é correcta.

00477723332783412100152639196321274468275

27. O estrinximento nos enfermos terminais está relacionado con:

A) Tratamentos farmacolóxicos.

B) Falta de intimidade.

C) Enfermidade de base.

D) Todas son correctas.

28. O ciclo de mellora continua da calidade coñécese tamén como:

A) Ciclo PDCA.

B) Espiral de mellora continua.

C) Ciclo DAFO.

D) A e B son correctas.

29. Serafín, doente de 87 anos con evidentes problemas para o seu autocoidado e sen familiares directos dos que se teña constancia, vai ser dado de alta hospitalaria do seu episodio de saúde. Fronte aos seus condicionantes, indique a resposta CORRECTA:

A) Será Asistencia Social do concello de residencia de Serafín quen supervise as opcións asistenciais que poida precisar fóra do hospital.

B) Será o Servizo de Hospitalización a Domicilio (HADO) quen levará o caso.

C) Ao pasar a Atención Primaria, será o centro de saúde quen o monitorice.

D) Ao ser un procedemento iniciado no ámbito hospitalario será Asistencia Social hospitalaria quen inicie o proceso.

30. Cal destas sondas dixestivas ten 2 luces?:

A) Foucher ou Eward.

B) Lavacuator.

C) Levin.

D) Salem ou Andersen.

31. Como se denomina á incapacidade para ler ou interpretar os sinais non verbais e o estado emocional dos demais?

A) Dislalia.

B) Disartria.

C) Disemia.

D) Afasia.

32. A capacidade para a realización das Actividades da Vida Diaria pódense medir con diferentes índices e escalas; no caso de deterioro das capacidades:

A) É máis factible que os Índices de Katz e Barthel mostren deterioro persoal antes de que apareza na Escala de Lawton e Brody.

B) O deterioro adoita ir parello tanto nos Índices de Katz e Barthel coma na Escala de Lawton e Brody.

C) Usualmente o deterioro preséntase antes na Escala de Lawton e Brody ca nos Índices de Katz e Barthel.

D) Nin os Índices de Katz e Barthel, nin a Escala de Lawton e Brody son as que avalían as capacidades para as Actividades da Vida Diaria.

00477723332783412100152639196321274468275

33. Na comunicación humana, segundo a clasificación das distancias zonais de Edward T. Hall, considérase "distancia íntima" a que se mantén entre:

A) 5 e 15 cm.

B) 15 e 45 cm.

C) 45 e 120 cm.

D) 120 e 150 cm.

34. Qué tipo de dó é o que se manifesta en persoas que parecen ter o control da situación sen dar signos aparentes de sufrimento?

A) Dó ausente.

B) Dó desautorizado ou silente.

C) Dó retardado.

D) Dó patolóxico.

35. Na cadea epidemiolóxica, un fómite é considerado:

A) Un mecanismo de transmisión directa.

B) Un mecanismo de transmisión indirecta.

C) O axente causal.

D) O hóspede susceptible.

36. Cando apagamos o ordenador, que información se perde?

A) A contida na memoria ROM.

B) Non se perde información ao apagar o ordenador.

C) A contida na memoria RAM.

D) A contida no disco duro.

37. Na persoa anciá, entre outros condicionantes, poden aparecer alteracións metabólicas que diminúan a capacidade para a absorción dos nutrintes das comidas ou unha diminución do apetito vinculada ao propio envellecemento, coñecida como anorexia fisiolóxica do envellecemento. Estas, poden levar a que apareza:

A) Caquexia.

B) Insomnio.

C) Hiperactividade.

D) Ningunha é correcta.

38. A OMS sinala que os trastornos mentais caracterízanse por unha combinación de alteracións do pensamento, a percepción e ademais de:

A) A conduta e as relacións cos demais.

B) O estado de ánimo e o comportamento.

C) As emocións, a conduta e as relacións cos demais.

D) O nivel de conciencia e a memoria.

00477723332783412100152639196321274468275

39. Que termo define a diminución da concentración de osíxeno en sangue arterial?

A) Hipoxia.

B) Hipoxemia.

C) Hipocapnia.

D) Hiperoxia.

40. A posición de Rose (ou Proetz):

A) Implica decúbito supino.

B) Implica decúbito prono.

C) Implica sedestación.

D) Tamén é coñecida como anti-Trendelenburg (ou Morestin) modificada.

41. Pode indicar sospeita de situación de violencia de xénero:

A) Insomnio, ansiedade, conduta suicida.

B) Abuso de psicofármacos.

C) Relato de dispareunia.

D) Todas as anteriores poden indicar sospeita de situación de violencia de xénero.

42. Para unha adecuada mobilización lateral dunha persoa con fractura de cadeira:

A) Virarémola sobre a cadeira fracturada para estabilizar co peso corporal a mesma.

B) No caso de ter que virar sobre a cadeira non fracturada, traccionaremos manualmente da perna fracturada en sentido lonxitudinal para manter o aliñamento fisiolóxico do membro.

C) Evitaremos no posible pousar o peso corporal do doente sobre a fractura.

D) a) e b) son correctas.

43. O SINASP (Sistema de Notificación e Aprendizaxe para a Seguridade do Paciente) é un sistema:

A) Obrigatorio e sancionador.

B) Voluntario e non punitivo.

C) Confidencial e obrigatorio.

D) Sancionador e disciplinario.

44. As queimaduras de segundo grao profundas caracterízanse por:

A) Afectan unicamente á epiderme; presentan eritema e dor, e non producen secuelas.

B) Presentan formación de flictenas, son exudativas e conservan o folículo pilosebáceo.

C) Non presentan flictenas, son exudativas, dolorosas e o folículo pilosebáceo despréndese con facilidade.

D) Teñen aspecto branco ou citrino, poden estar carbonizadas e presentan textura correúda; non hai dor.

45. Cal destas alteracións da urina NON se clasifica como cualitativa?:

A) Hipostenuria.

B) Oliguria.

C) Cilindruria.

D) Piúria.

00477723332783412100152639196321274468275

46. Non é unha pauta de actuación a seguir ao realizar a hixiene do paciente encamado:

A) Preservar a intimidade do paciente.

B) Aproveitar o momento do aseo para observar o estado da pel.

C) No momento do aseo, descubrir unicamente a zona sobre a que se está actuando.

D) A orde do aseo do paciente é enxaboado e aclarado de cada zona, deixando o secado de todo o corpo para o final.

47. Que tipo de inmunidade proporciona a vacina contra o tétano ao estimular a producción de anticorpos e memoria inmunolóxica por parte do propio corpo?

A) Inmunidade artificial pasiva.

B) Inmunidade artificial activa.

C) Inmunidade natural activa.

D) Inmunidade natural pasiva.

48. O informe de alta de enfermería debe incluír:

A) Motivo de ingreso e diagnóstico médico.

B) Evolución dos problemas.

C) Coidados realizados.

D) Todas son correctas.

49. Como se denomina ao eixe corporal que atravesa o corpo desde a parte anterior cara á parte posterior?

A) Eixe saxital.

B) Eixe transversal.

C) Eixe vertical.

D) Eixe oblicuo.

50. No doente ancián que presenta caquexia, esta pode ser debida a:

A) Anorexia fisiolóxica do envellecemento.

B) Osteoporose.

C) Alteracións metabólicas na capacidade para a absorción de nutrintes da comida.

D) a) e c) son correctas.

Preguntas de reserva

51. Cal das seguintes formas farmacéuticas está contraindicada na administración por sonda nasogástrica?

A) Xaropes.

B) Suspensións.

C) Solucións.

D) Comprimidos de liberación prolongada.

00477723332783412100152639196321274468275

52. A síndrome do coidador é un trastorno onde, habitualmente, a persoa coidadora principal dun doente dependente mostra signos de esgotamento físico e emocional derivados da continua atención ao mesmo. Para axudar a mitigar o seu impacto, indique que estratexia pode resultar recomendable:

A) Procurar a participación doutros familiares nos coidados.

B) Ensinarlle a marcar límites sobre tarefas non imprescindibles.

C) Facilitarlle guías de coidados a persoas dependentes.

D) Todas son correctas.

53. A unidade lóxico aritmética coñecida como ALU forma parte de:

A) Os rexistros informáticos.

B) O secuenciador dixital.

C) A unidade central de procesos.

D) A unidade de control.

54. As mobilizacións adecuadas do paciente encamado constitúen un exemplo de:

A) Medidas curativas.

B) Prevención terciaria.

C) Prevención secundaria.

D) Prevención primaria.

55. Para a medición da pulsioximetría:

A) Resulta imprescindible eliminar previamente con cetona a laca de unllas, de estar presente.

B) Hai evidencia suficiente como para que resulte segura unha lectura aínda coa presenza de laca de unllas.

C) Dependendo do tipo de sonda do pulsioxímetro colocarémolo lateralizado sobre o dedo e non sobre o seu eixo dorso-ventral, ou ben seleccionarémo-lo lóbulo da orella ou unha deda do pé se as unllas teñen pegada unha cubrición acrílica que non poidamos retirar.

D) b) e c) son correctas.

00477723332783412100152639196321274468275

56. Manuel ten que lavar material cirúrxico a man. Para realizar a técnica CORRECTA, a temperatura da auga non debe exceder dos:

A) 20°C.

B) 30°C.

C) 45°C.

D) 90°C.

57. Se te dispós a realizar a transferencia dun paciente da cama á cadeira de rodas e que é capaz de manter bipedestación, onde colocarías a cadeira de rodas?

A) Paralela á cama, o máis preto posible do cabeceiro e no lado san do paciente.

B) Perpendicular á cama, orientada cara os pés do paciente para facilitar o paso.

C) Paralela á cama, á altura dos pés e no lado afectado ou débil do paciente.

D) Fronte á cama, a unha distancia que poida permitirlle pivotar.

58. Antía é TCAE. Hoxe é o seu primeiro día nunha Unidade de Críticos. Un/Unha dos/as pacientes (paciente con ventilación mecánica invasiva e alimentación enteral por sonda nasogástrica), ten unha pauta de 200 cc. de H_2O cada 8 horas (ademais da auga que introduce coa medicación e lavados). Tendo en conta que é necesario un balance hídrico por quenda:

A) Anotará a inxesta deses 200 cc. no apartado de auga endóxena.

B) Só debe especificar en entradas a auga que introduce para a disolución da medicación e lavados de sonda.

C) No apartado de líquidos orais anótase a auga pautada a máis no tratamento.

D) Faise o sumatorio de toda a auga introducida no apartado de auga esóxena.

59. Entre outros, pódense considerar factores de risco para clasificar a unha persoa anciá coma "fráxil":

A) Polifarmacia, hospitalización recente e pouco exercicio.

B) Debilidade muscular, comorbilidades e idade pouco avanzada.

C) Caídas de repetición, idade avanzada e condicionantes sociais favorables.

D) Ningunha é correcta.

60. Chámanos a familia dun/dunha paciente en fase terminal, angustiada porque o/a paciente non quere comer o que lle traen de menú hospitalario.

A) A/o TCAE explica á/ao paciente o importante que é a boa nutrición, aínda que non teña apetito.

B) Informamos á familia que ten que comer a dieta pautada aínda que non lle guste.

C) Desdramatizamos a comida e a perda do apetito, ofrecéndolle o que lle apeteza en cantidades pequenas e nas tomas que o/a paciente precise.

D) Explícase que nos hospitais hai uns horarios de comidas marcados que non poden modificarse.

00477233327834121001526391963212744682 75

61. Estamos ante unha inmobilización terapéutica mecánica dun paciente psicótico axitado, cal é o número de persoas necesario para realizar a técnica coa máxima seguridade?

A) 6 profesionais exclusivamente.

B) Polo menos 3 profesionais.

C) Un mínimo de 4 profesionais, sendo o recomendable 5.

D) 2 profesionais.

62. Chega ao servizo de urxencias unha paciente que presenta queimaduras en ambas pernas e refire dor intensa. O leito da queimadura é rosado, liso e brillante, con presenza de exsudado. A tracción do pelo é negativa e respéctanse os folículos pilosos. Como clasificaría esta queimadura?

A) Primeiro grao.

B) Segundo grao superficial.

C) Segundo grao profundo.

D) Terceiro grao.

63. Simón, neno acabado de nacer de 27 semanas de xestación e 890 gramos de peso, atópase ingresado na UCI Neonatal. Ocupa a incubadora do Box-3, configurada cunha temperatura de 33 graos e 70% de humidade. Ten ventilación mecánica de alta frecuencia oscilatoria e monitorización cardíaca e respiratoria. Ao realizar o aseo observamos lesión cutánea con desprendemento da capa superficial da pel na zona do sensor de pulsioximetría. Esta lesión correspóndese con:

A) UPP estadio IV.

B) MARSI debido á oscilación das tubuladuras do respirador.

C) MARSI debido á alta humidade da incubadora.

D) Ningunha é correcta.

64. Na súa quenda de mañá na Unidade de Medicina Interna ao realizar o aseo a Rodrigo, paciente de 97 anos, incontinente e con limitacións de mobilidade, observa que presenta eritema non branqueable en sacro. Sinale a resposta CORRECTA con respecto a súa actuación:

A) Lavará a zona con auga e xabón masaxeándoa para intentar reactivar a función capilar.

B) Utilizará a técnica do dobre cueiro co fin de reducir ao máximo a humidade na zona afectada.

C) Á hora de sentalo colocará un dispositivo en forma de anel na cadeira de brazos como superficie de apoio, intentando así diminuír a presión nas prominencias óseas.

D) Á hora de realizar os cambios posturais evitará sempre que sexa posible, elevar o cabeceiro da cama con máis de 30 graos por tempo prolongado, para non incrementar a presión sobre a zona afectada.

65. A prevención cuaternaria, entre outros elementos, refírese a:

A) Vacinación xeral da poboación.

B) Redes de auga potable e sumidoiros.

C) A iatroxenia.

D) Programas de cribado de enfermidades.

00477723332783412100152639196321274468275

66. Un/unha paciente revélanos de forma confidencial que acaba de regresar dunha viaxe a países exóticos, dato que omitiu ao ingreso por malestar e febre alta recorrente. Como debo actuar?

A) Debido á obriga de gardar segredo profesional, manteño esa información en segredo.

B) Dada a gravidade, insto ao/á paciente a que dea o seu consentimento para divulgar esa información.

C) Ao ser unha situación que pode supoñer un perigo para a saúde pública ponse en coñecemento da autoridade competente.

D) A resposta b) e a c) son correctas.

67. Atópase cunha vítima adulta en situación de parada cardiorrespiratoria. Non dispón de teléfono móbil nin de posibilidade de alertar aos servizos de emerxencia. Debe de abandonar á vítima para ir pedir axuda. Que debe facer?

A) Deixar á vítima e ir inmediatamente a pedir axuda.

B) Realizar RCP durante 1 minuto antes de abandonar á vítima para ir pedir axuda.

C) Iniciar RCP.

D) Completar a valoración primaria e actuar en función desta.

68. Como TCAE do Servizo de Rehabilitación, debemos saber respecto da parafina:

A) A súa temperatura debe manterse entre 42o-52oC.

B) Aplícase por inmersión da zona a tratar, unha ou varias veces.

C) Aplícase mediante embrocacións ou pincelación, arredor de 10 capas.

D) Todas as respostas son correctas.

69. Vostede atópase cun paciente que presenta respiración agónica. Que debe facer?

A) Colocar ao paciente en posición lateral de seguridade.

B) Avisar e comezar a reanimación cardiopulmonar.

C) Colocar ao paciente en posición de Fowler.

D) Comprobar o pulso.

70. A un/unha paciente infórmaselle do seu estado e das opcións clínicas dispoñibles para o seu caso. Solicítaselle o seu consentimento informado por escrito dado que se pretende realizar un procedemento terapéutico invasivo. Sinale a opción CORRECTA:

A) O persoal de enfermería debe estar como testemuña.

B) Debemos estar presentes para saber a qué aternos á hora de prestar a atención ao/á paciente.

C) A prestación do consentimento informado é un dereito do paciente e a súa obtención é un deber do médico.

D) Son válidas todas as actuacións anteriores.

71. Cal é a actuación CORRECTA do TCAE antes de aplicar un parche transdérmico?

A) Limpar e secar ben a zona.

B) Rasurar sempre a zona para garantir unha boa e correcta adherencia do parche.

C) Aplicar crema hidratante ou ácidos graxos para protexer a pel.

D) Desinfectar previamente con solución alcohólica.

00477723332783412100152639196321274468275

72. Estando no Servizo de Quirófano solicítanlle unha Punta de Colorado para unha intervención cirúrxica; vostede saberá que:

A) Polo seu peso poderá solicitar a axuda de persoal celador para o seu traslado da zona de almacenaxe ata o antequirófano.

B) É un tipo de punta de bisturí eléctrico de alta precisión.

C) É un trócar específico dos procedementos laparoscópicos.

D) É un material separador autoestático.

73. José, paciente de 24 anos, presenta un cadro de Varicela. O médico prescribe que estea nunha habitación individual illado para evitar a transmisión da enfermidade. Cal sería o illamento máis indicado para este paciente?

A) Inverso.

B) Aéreo.

C) Contacto.

D) Aéreo e contacto.

74. Nunha unidade de hospitalización observas como un paciente acode de forma reiterada á billa do baño do seu cuarto ou á fonte do corredor para beber auga. Ante esta conduta, sospeitamos que nos atopamos ante un caso de:

A) Polifaxia.

B) Potomanía.

C) Polidipsia.

D) Poliúria.

75. Manuel, TCAE na Unidade de Medicina Interna, realiza o aseo dun paciente encamado. Para proceder á limpeza e secado da axila, separa o brazo do paciente do tronco, desprazándoo lateralmente cara fóra da liña media do corpo. Que movemento articular está a realizar Manuel no ombro do paciente?

A) Abdución.

B) Adución.

C) Extensión.

D) Rotación interna.

76. Valeria, bebé de 3 días de vida, prematura, cun peso de 1.550 gramos. Portadora de vía periférica, sonda orogástrica e con soporte respiratorio non invasivo, atópase ingresada na UCI Neonatal. Ocupa unha incubadora configurada cunha humidade do 55% e unha temperatura de 33 graos. Sinale a reposta correcta á hora de realizarlle o aseo a esta paciente:

A) Sacaraa da incubadora para bañala, mantendo a auga da bañeira á mesma temperatura que a incubadora.

B) Sacaraa da incubadora para bañala, mantendo o ambiente do cuarto de aseo á mesma humidade que a incubadora.

C) O aseo realizarao por zonas, con secado inmediato de cada unha delas dentro da incubadora, accedendo á paciente mediante as xanelas de acceso, evitando deste xeito, entre outras cousas, que diminúa o máximo posible a súa temperatura corporal.

D) A e B son correctas.

00477723332783412100152639196321274468275

77. Estamos traballando co ordenador e necesitamos cambiar dun programa a outro que temos aberto, para isto podemos utilizar as teclas:

A) Maiúsculas + Repag.

B) ImpPnt.

C) Alt + tabulador.

D) Maiúsculas + Avpag.

78. Ante unha sospeita de violencia de xénero:

A) Escoitaremos á doente sen emitir xuízos de valor.

B) Chequearemos, repreguntando, a consistencia das manifestacións da doente.

C) Iniciaremos inmediatamente o protocolo de atención a vítimas de violencia de xénero tra-la presentación da copia da preceptiva denuncia diante da Policía/Garda Civil.

D) Cursarase interconsulta ao Servizo de Xinecoloxía, pois é o servizo definido pola Consellería de Sanidade para a atención destes casos.

79. Para os casos de sospeita de submisión química cómpre extraer mostras biolóxicas e remitilas ao servizo de laboratorio para un posterior envío ao IMELGA (Instituto de Medicina Legal de Galicia); para elo:

A) Recollerase un tubo específico con aditivo de fluoruro de sodio e oxalato de potasio, un tubo ordinario de bioquímica e un frasco de ouriños.

B) Ademais da resposta a), as mostras poden quedar gardadas a temperatura ambiente ata seren baixadas ao laboratorio central.

C) Ademais da resposta a), as mostras deben quedar gardadas en neveira ata seren baixadas ao laboratorio central.

D) Ningunha resulta correcta.

80. María recibiu un correo electrónico; xunto co texto aparece un clip, isto nos indica:

A) Contén arquivos adxuntos.

B) É enviado con importancia alta.

C) Está fixado na bandexa de entrada.

D) Realízase seguimento.

81. No cambio de quenda comunícannos que Manuel, paciente da habitación 321-1, ten febre "remitente". Debemos saber que na febre de Manuel:

A) A diferenza entre a temperatura máxima e a mínima é maior de 1 grao centígrado.

B) Altérnanse períodos febrís duns días de duración con outros apiréticos.

C) Os valores máximos son hipertérmicos e os mínimos normais ou hipotérmicos.

D) A temperatura vai ascendendo e descendendo paulatinamente.

82. Debemos de axudar a monitorizar a un paciente na UCI. Respecto á colocación dos eléctrodos nun monitor de 5 derivacións, indica a opción INCORRECTA:

A) Vermello: debaixo da clavícula, preto do ombro esquerdo.

B) Branco: debaixo do apéndice xifoides ou na liña axilar anterior, no quinto espazo intercostal.

C) Negro: bordo costal inferior dereito ou crista ilíaca dereita.

D) Verde: bordo costal inferior esquerdo ou crista ilíaca esquerda.

00477723332783412100152639196321274468275

83. Fernando, TCAE dunha planta de Traumatoloxía, explica a un paciente con debilidade en ambas pernas como realizar a deambulación con dúas muletas mediante a marcha en catro puntos de apoio. Cal é o patrón de movementos correcto que debe indicarlle ao paciente?

A) Muleta esquerda, pé dereito, muleta dereita, pé esquerdo.

B) Coas dúas muletas adiantadas á vez, o pé dereito ou esquerdo e despois o outro pé.

C) Muleta dereita e pé dereito seguidos de muleta esquerda e pé esquerdo.

D) Muleta dereita, muleta esquerda e despois ambos os pés.

84. María, TCAE do servizo de uroloxía, ten que recoller unha mostra de ouriños a José, paciente da habitación 503. Unha vez recollida a mostra comenta coa enfermeira a cargo as características dos ouriños, teñen unha cor vermella e un cheiro cetónico ou a fruta. Que nos indican estas características?

A) Presenza de bacterias e un proceso infeccioso.

B) Presenza de sangue e un proceso de deshidratación ou aumento de glicosa.

C) Diminución da diurese e un proceso de transformación de urea en amoníaco.

D) Presencia de bilirrubina e un proceso de contaminación con feces.

85. Sinale cal destas afirmacións é CORRECTA:

A) O exsudado conxuntival ocular recóllese pasando unha torunda pola conxuntiva interior do ollo, desde o ángulo externo cara o interno.

B) Para a recollida do exsudado ótico, a torunda non debe estar en condicións de esterilidade.

C) O exsudado uretral no home recóllese tocando a parte externa do orificio uretral.

D) Para a recollida de líquido seminal non é necesaria a abstinencia sexual.

86. Pablo, TCAE na Unidade de Agudos de Psiquiatría, intervén nunha inmobilización terapéutica mecánica dun paciente axitado que non cedeu á contención verbal nin farmacolóxica, en que orde se deben fixar as suxeicións?

A) Membros superiores, cinto abdominal e membros inferiores.

B) Cinto abdominal, membros inferiores e membros superiores.

C) Cinto abdominal, membros superiores e membros inferiores.

D) Membros superiores, membros inferiores e cinto abdominal.

87. Ante un paciente que vomita tras a administración dunha medicación por vía oral. Cal é a actuación adecuada como TCAE?

A) Repetir dose inmediatamente.

B) Avisar á enfermaría e rexistrar incidencia.

C) Administrar vía sublingual ou vía rectal.

D) Aumentar dose na seguinte toma.

88. Ao comezo da quenda comunícaselle á/o TCAE que ao/a paciente que acaba de ingresar ao/a cal lle colocaron unha sonda vesical hai que recollerlle urina para realizar un cultivo. Para iso a/o TCAE disporase a:

A) Pinzará a parte final da sonda que conecta coa bolsa un máximo de 30 minutos.

B) Utilizará sempre luvas estériles.

C) Limpará con alcohol de 100º a zona onde se vai a inserir a xiringa ou agulla para a recollida.

D) Recollerá a urina do receptal ou bolsa conectado á sonda.

00477723332783412100152639196321274468275

89. Pódese utilizar o frío e a calor con fins terapéuticos. Antes de empezar a aplicación de frío ou calor, débese:

A) Preparar os recursos materiais.

B) Explicar o procedemento ao paciente, pedindo a súa colaboración.

C) Observar a súa pel para detectar posibles alteracións que poderán modificar ou contraindicar o tratamento.

D) Todas as respostas son correctas.

90. Na planta de Oncoloxía, uns familiares nos avisan de un/unha paciente que presenta asialia. Achegámonos á habitación para tentar aliviar ese malestar do/da paciente.

A) Ofrecémoslle chuchar cubos de xeo de zumes de froitas, mascar goma de mascar sen azucre ou, se prefire e pode, anacos de piña natural sen azucre.

B) Aconsellámoslle o uso de anestésicos tópicos antes das comidas.

C) Debe mergullar as próteses dentais en solución de hipoclorito ao 1% (se non hai metal) ou en solución de nistatina para aliviar ese malestar.

D) Aconsellamos realizar gargarismos de povidona iodada ao 7,5%.

91. Unha das seguintes é tarefa do/da TCAE no Servizo de Quirófanos:

A) Reunir para cada intervención cirúrxica o material funxible e instrumental precisos.

B) Despregar na mesa do quirófano o material estéril.

C) Substituír ao persoal de enfermería instrumentista nas súas tarefas cando este saia ao seu descanso.

D) Trocar o cal sodado nas torres de anestesia que o requiran e facer o recalibrado posterior.

92. Genma é TCAE na UCI. A un dos pacientes que ten asignado, portador dunha PEG, téñenlle pautado comezar nutrición enteral. Antes de empezar a pauta da alimentación enteral ao verificar o residuo gástrico, sáelle un residuo de 75 ml. Polo tanto Genma:

A) Agarda unha hora e volve realizar o control de residuo gástrico.

B) Reintroduce e comeza a pauta de alimentación.

C) Desbota o residuo e comeza a pauta de alimentación.

D) Conecta a PEG a unha bolsa de baleirado.

93. Entre outras tarefas, nun centro de saúde o/a TCAE:

A) Encargaríase do funcionamento do autoclave.

B) Leva o Libro de Rexistro de Estupefacientes e Psicótropos.

C) Asigna as citas para rehabilitación, de ter ese servizo no centro laboral.

D) Está presente na consulta, asistindo ao/á psiquiatra durante as consultas de saúde mental, de ter ese servizo no centro laboral.

94. Un médico informa a un paciente sen formación sanitaria sobre o seu diagnóstico empregando abundantes tecnicismos médicos. O paciente asente por educación, pero non comprende a información. Ante que tipo de barreira da comunicación nos atopamos?

A) Barreira física.

B) Barreira psicolóxica.

C) Barreira semántica.

D) Barreira fisiolóxica.

00477723332783412100152639196321274468275

95. Marta (TCAE) atópase prestando os seus servizos na Unidade de Medicina Interna na quenda de noite. Ao entrar no cuarto 207 para tomar a temperatura ao paciente, un dos familiares en estado de embriaguez empúxaa fortemente mentres a insulta ocasionándolle danos físicos e psicolóxicos. Debería notificalo no SINASP?

A) É obrigatorio que o notifique no SINASP se quere denunciar ao agresor.

B) Os TCAE non poden notificar no SINASP. Debe comunicarllo á supervisora de guardia para que ela realice a notificación.

C) As agresións ao persoal sanitario non se notifican no SINASP.

D) Ningunha é correcta.

96. Javier, TCAE na unidade de esterilización, sabe que no autoclave de vapor o test de Bowie-Dick debe realizarse:

A) En todos os ciclos con carga.

B) Ao final da xornada de traballo.

C) No primeiro ciclo do día e sen carga.

D) Só cando se esteriliza material téxtil.

97. Temos un/unha paciente con SNG e alimentación enteral en perfusión continua, no medio da quenda a bomba comeza a pitar por alarma de obstrución. A/o TCAE para desobstruir a SNG realizará unha destas manobras:

A) Intentará dar un bolo de 50 ml. de auga.

B) Mobiliza a SNG por se está a facer parede e por iso non baixa a alimentación.

C) Inxectará 5 ml. de auga morna e pechará a sonda 5 minutos.

D) Aspirará con forza para intentar desobstruíla coa presión.

98. Solicítanlle un recipiente con auga para preparar unha férula de escaiola; a auga debera estar:

A) Levemente tépeda, para favorecer o fraguado, pero evitando unha reacción exotérmica demasiado acusada que poida queimar ao doente.

B) O máis quente posible para favorecer unha reacción exotérmica que facilite o fraguado da escaiola.

C) O máis fría posible para evitar unha reacción exotérmica que poida queimar ao doente.

D) A temperatura da auga non ten ningún papel na elaboración dunha férula de escaiola.

99. Laura é unha doente de 44 anos ingresada na Unidade de Traumatoloxía por unha lesión cervical. Dinos que necesita que lle lavemos o cabelo. En que posición a colocaremos?

A) Rose.

B) Kraske.

C) Anti-Trendelenburg.

D) Ningunha é correcta.

100. A pesada do doente é unha tarefa diaria no Servizo de:

A) Hemodiálise.

B) Urxencias.

C) Endoscopias.

D) a) e b) son correctas.

00477723332783412100152639196321274468275

101. Isabel, TCAE que traballa en Neonatos, recibe a petición da enfermeira de traer un antiséptico para realizar a proba do talón ao neonato. Cal dos seguintes elixirá?

A) Alcol de 90º.

B) Povidona iodada.

C) Clorhexidina ao 2% (Acuosa).

D) Clorhexidina ao 20%.

102. A campaña de cribado de cancro colorrectal dirixida a poboación asintomática maior de 50 anos, a que nivel de intervención sanitaria corresponde esta actuación?

A) Prevención primaria.

B) Prevención secundaria.

C) Prevención terciaria.

D) Promoción individual da saúde.

103. O facultativo a cargo dos pacientes ingresados no 3º andar do hospital, indícanos que é necesario que o paciente José P., da habitación 315, debido á súa neutropenia, estea en illamento inverso. Indica cal das seguintes afirmacións é CERTA:

A) A habitación deberá ser individual, con esclusa, presión negativa e a porta debe permanecer pechada.

B) A habitación deberá ser individual, con esclusa, presión positiva e a porta debe permanecer pechada.

C) A habitación deberá ser individual, sen esclusa, presión positiva e a porta pode permanecer aberta.

D) A habitación deberá ser individual, sen esclusa, presión negativa e a porta pode permanecer aberta.

104. Recibimos en planta un/unha paciente proveniente de UCI cunha traqueostomía. Tras o ingreso teño que ter en conta unha serie de coidados específicos destes/as pacientes:

A) Sempre ter unha cánula de reposto.

B) Comprobar que o balón endotraqueal está desinchado antes de dar alimentación oral.

C) Comprobar que o balón está correctamente inchado se se pon unha cánula fonatoria.

D) Todas as respostas son correctas.

105. Un/unha paciente vén a consulta cun ataque de gota. O/a facultativo/a tras a consulta indícalle á/o TCAE que lle dea ao/á paciente as pautas de alimentación indicadas para esta patoloxía.

A) Recoméndalle unha dieta baixa en sal e alta en froitas, vexetais, lácteos baixos en graxa e proteínas magras.

B) Pode comer sen problema alimentos frescos (carnes, peixes, leite, ovos, froitas e froitos secos crus) evitando a pasta e produtos derivados do trigo.

C) Que evite galletas, productos de bolaría, sopas e purés enriquecidos con leite ou outro produto lácteo.

D) Recoméndalle evitar toda carne de vacún, porco e ave así como as súas vísceras e embutidos. Tampouco se recomenda consumo de legumes, espinacas e froitas moi doces.

00477723332783412100152639196321274468275

106. Rosi, tras o parto, ingresa na planta de Tocoloxía con 4 días de evolución de varicela, e está preocupada coa alimentación do seu/da súa bebé. O persoal tranquilízaa e explícalle como deberá alimentalo/a.

A) Administrar tratamento ao/á lactante, e extraer o leite materno para evitar o contacto coas pústulas.

B) Non se recomenda lactanción materna.

C) O/a lactante pode ser aleitado/a se non hai lesións no peito.

D) As respostas a) e c) son correctas.

107. María, TCAE nunha unidade de hospitalización, debe esterilizar un material de vidro na estufa de Poupinel. Se programa a temperatura a 160 °C, canto tempo debe durar o ciclo para asegurar a esterilización?

A) 30 minutos.

B) 60 minutos.

C) 120 minutos.

D) 10 minutos.

108. Na unidade onde vostede presta os seus servizos como TCAE, atópanse ingresados varios pacientes con risco de desenvolver úlceras por presión (UPP/LPP), polo que debe saber como se denomina a forza que actúa de forma tanxencial e producindo danos profundos na formación das mesmas:

A) Fricción.

B) Presión.

C) Cizalla.

D) Microclima.

109. Como TCAE debemos saber que a principal medida para evitar as infeccións nosocomiais, as infeccións relacionadas coa atención sanitaria e a diseminación de bacterias multiresistentes é:

A) Uso de luvas.

B) A hixiene de mans.

C) Uso de máscara.

D) Uso de batas.

110. Estando en quenda de tarde un/unha paciente solicita a alta voluntaria. Explícaselle ao/á paciente que esa información gardarase na súa historia clínica en condicións que garantan a preservación da información durante:

A) 5 anos.

B) Indefinidamente.

C) Ata o seu falecemento.

D) As respostas a) e c) son correctas.

00477723332783412100152639196321274468275

00477723332783412100152639196321274468275

00477723332783412100152639196321274468275

00477233327834121001526391963212744682 75